

## Obradoiro de teleformación: Contabilidade cooperativa nivel PRO

[ En colaboración coa Rede Eusumo e a Deputación da Coruña ]

|                           |  |                 |                    |
|---------------------------|--|-----------------|--------------------|
| <b>DATA REALIZACIÓN</b>   | 01-16/06/2023  | <b>DURACIÓN</b> | 20 horas           |
| <b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b> | A través da plataforma de teleformación <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a> . Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe os días: 1, 8 e 16 de xuño en horario de 11:00 a 12:30hs. O horario de titoría será de luns a venres de 13:00 a 14:00 horas |                 |                    |
| <b>PERSOA DE CONTACTO</b> | Patane García Méndez   | <b>TELÉFONO</b> | 697877773          |
|                           |  | <b>E-MAIL</b>   | patane@espazo.coop |

### OBXECTIVOS

- Entender que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.
- Capacitar as persoas socias e asalariadas das cooperativas no emprego das ferramentas contables.
- Interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

### PROGRAMA E CONTIDOS

- Tema 1. A estrutura xeral contable
- Tema 2. O tratamento dos fondos propios e específicos nas cooperativas de traballo.
- Tema 3. A conta de perdas e gaños e a distribución de resultados.
- Tema 4. Fiscalidade cooperativa.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe ao longo do curso. O día 1 de xuño será a presentación e os días 8 e 16 de xuño traballarase na resolución dos supostos prácticos dos temas do curso.

### DIRIXIDO A

Persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Primarase a participación de persoas pertencentes a cooperativas, grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc. Son necesarios coñecementos previos de contabilidade.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2024 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.